

HORAS DE TRABAJO AUTÓNOMO

Alumna/o:

DNI:

Para o recoñecemento de créditos, haberá que cumprimentar as seguintes tarefas que completen as horas presenciais, de modo que: 1 crédito = 10 horas

As actividades de traballo autónomo están pensadas para que sexan principalmente prácticas, relacionadas cos contidos teóricos que se viron na aula.

Haberá que enviar o traballo feito a oma2@udc.gal

Data límite de entrega: 30 de abril de 2019

MÓDULO 1:

A PEGADA ECOLÓXICA. A PEGADA DA AUGA. CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.

O obxectivo deste traballo é analizar os nosos hábitos grazas a aplicacións sinxelas on-line que nos permiten obter de modo bastante preciso a nosa pegada ecolóxica en diferentes eidos: a debida ao gasto enerxético, de auga, á produción de residuos e gasto de materiais, e aos hábitos de transporte. Finalmente, obtemos análises para coñecer o noso caso concreto en relación a estas pegadas calculadas.

- Aplicación da Pegada ecolóxica on-line:

<http://www.vidasostenible.org/ciudadanos/mide-tu-huella-ecologica/>

Completaremos a enquisa de Enerxía, Auga, Residuos e Transporte, completando cos resultados a seguinte táboa:

Pegada ecolóxica de:		RESULTADO
Enerxía	Cifra global indicativa do consumo de enerxía da casa (kep)	
	Consumo por persoa (kep)	
Auga	O teu consumo total de auga (L/ano)	
	Diferenza entre o teu consumo e o medio (%)	
	Se todo o mundo tivera os mesmos hábitos de	

	consumo ca ti, o gasto de auga en España por usos domésticos sería...	
Residuos e materiais	Cálculo xeral da cantidade de residuos por día (Kg)	
	% de diferenza do total de residuos con respecto á media (de 1,5Kg/persoa/día)	
Transporte	Consumo total nos teus desprazamentos (kep)	
	Distancia percorrida (km)	
	Nº equivalente en voltas ao planeta	
	Gasto medio en combustible por cada 100km (kep)	

- Aplicación **“Noise Capture”** do móbil: captura da contaminación acústica con aplicación do móbil. Rexistrámonos como “UDC”, e completaremos a seguinte táboa de **10 lugares**:

Lugar	Data e hora	Nivel máximo de ruído (db)

MÓDULO 2:

RECICLAXE. RECOLLIDA SELECTIVA. OBRADOIRO DE COMPOSTAXE.

O obxectivo deste traballo de campo é analizar os nosos hábitos de consumo e coñecer alternativas máis sustentábeis, para achegar á práctica os conceptos mostrados na aula, e levar a cabo unha boa separación de residuos en orixe, participar en accións de consumo responsable e ser capaces de reducir a nosa xeración de residuos.

A finalidade é que ao remate deste obradoiro estes hábitos de consumo se manteñan no tempo, na vida cotiá.

- 1) **Enquisa Emapic:** <https://emapic.es/custom/residuos-udc>

Xa temos feita a enquisa na aula, o seguinte paso é dala a coñecer, para iso pedirémoslle a **10 persoas** que a cubran, e anotaremos na seguinte táboa os resultados:

Persoa	Produción residuos (kg/día)	Recollida separada (%)	Pegada ecolóxica (kgCO ₂ /ano)
Persoa 1			
Persoa 2			
Persoa 3			
Persoa 4			
Persoa 5			

2) Caracterización dos nosos hábitos de consumo e xeración de residuos

Anotaremos os residuos que xeremos ao longo de 1 semana, e cubriremos as seguintes táboas.

RESIDUOS

Na área da Coruña séguese o modelo de separación de Nostián, se tes algunha dúbida consulta en: <https://noseusitio.coruna.gal/a-xestion-de-residuos-na-cidade.html>

Facendo a separación selectiva na casa, antes de levar as nosas bolsas aos contedores correspondentes, faremos as pesadas das distintas fraccións.

Nº de persoas na casa:
Levo bolsa(s)? Si / Non
Se Non levaches bolsa á compra, indica cantas gastaches (suma toda semana):

Peso, en kg:

ORGÁNICO (contedor verde) ¹	INERTES (contedor tapa amarela) ²	CARTÓN (contedor azul)	VIDRO (iglú verde)	OUTROS	
				Que outros? ³	Peso (kg)

¹ Se o teu Concello pertence á área Sogama, neste contedor VERDE irá todo o RESTO
Se fas compostaxe no canto de levar a bolsa ao contedor, **indícao**:

² Se o teu Concello pertence á área Sogama, neste contedor AMARELO irán só os envases

³ Por exemplo: RAEE (residuos de aparellos eléctricos e electrónicos), pilas, aceite, roupa, voluminosos....

MÓDULO 3:

AUDITORÍA DA AUGA NA CASA E MAPEO DO CONSUMO DE AUGA

1) **MAPA medinte a Enquisa Emapic:** <https://emapic.es/custom/consumo-auga-udc>

Esta enquisa online busca situar no mapa os datos sobre o consumo de auga nos baños de distintos establecementos. Haberá que cubrir os datos das características de billas e cisternas, e a información sobre aforro existente. Precísase facer a medición do caudal de auga na billa (para iso lembre que se vai precisar un recipiente do que coñecemos o volume, e un cronómetro).

Buscade a colaboración de amigxs para facer o maior número de lugares, nun **mínimo de 10 lugares**.

Os datos quedarán rexistrados en Emapic. De cada caso, anotaremos o caudal da primeira billa na seguinte táboa (informe a entregar):

Lugar	Caudal (L/min)
Lugar 1: ...	
Lugar 2: ...	
Lugar 3: ...	
Lugar 4: ...	
Lugar 5: ...	

2) **Auditoría da auga no fogar:** no arquivo “Manual ECOAUDITORÍA DA AUGA NO FOGAR” explícanse todos os pasos a seguir, táboas a cubrir e información necesaria para facelo, xa visto na xornada teórica.

Elaborades un **informe*** cos datos recollidos, que debe incluír:

- Consumo en L/persoa-día facturado
- Consumo en L/persoa-día estimado na auditoría (actual)
- Relación de actividades de consumo de auga nas que se identifica posible redución do consumo, indicando o consumo (L/persoa-día) actual e o que se

estima despois de adoptar medidas de aforro, e indicación dos medios (hábito modificado, equipamento cambiado, etc) polo que se acada esa redución. Se é posible, custo económico da medida.

- Consumo en L/persoa-día estimado para a nova situación despois de adoptar os cambios e % de redución.
- Conclusión final.

*O informe pode redactarse ao remate deste arquivo, ou ben entregarse nun arquivo independente.